

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería de Cultura e Xuventude

Decreto 63/1992, do 19 de febreiro, polo que se reestrutura a composición e funcionamento das Comisións do Patrimonio Histórico Galego.

Polo Decreto 160/1982, do 1 de decembro, adecúase á realidade galega, trala asunción polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, das competencias en materia de cultura pola Comunidade Autónoma, a constitución e funcionamento das Comisións do Patrimonio Artístico, Arqueolóxico e Histórico, que viñan funcionando como comisións provinciais segundo as normas do Decreto 3.144/1970, do 22 de outubro, e o artigo 10 do Real decreto 392/1978, do 10 de febreiro, en aplicación da Lei do patrimonio artístico nacional do 13 de maio de 1933.

En virtude da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, modifícase polo Decreto 413/1986, do 18 de decembro, a composición e funcionamento das Comisións do Patrimonio Histórico Galego, a saber, unha en cada unha das provincias galegas e unha na cidade de Santiago de Compostela, pola súa especial significación.

Co fin de facer máis operativo o funcionamento das ditas comisións e establece-la súa debida coordinación e unidade de criterios, por proposta do conselleiro de Cultura e Xuventude e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezano de febreiro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo 1º

As Comisións Territoriais do Patrimonio Histórico son órganos colexiados, dependentes organicamente da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental e funcionalmente das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude.

Artigo 2º

A Comisión do Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago terá como ámbito territorial o que abrangue o conxunto histórico-artístico de Santiago de Compostela declarado polo Decreto do 9 de marzo de 1940, e o Camiño de Santiago no ámbito da Comunidade Autónoma declarado polo Decreto 2.224/1962, do 5 de setembro, e dependerá orgánica e funcionalmente da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental de Santiago de Compostela.

Artigo 3º

As comisións terán as seguintes atribucións:

a) Asegura-la protección e posta en valor dos bens de interese cultural da Comunidade Autónoma galega, así como tódolos bens, mobles e inmobles, de carácter histórico, artístico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, xa sexa material ou inmaterial, científico ou téc-

nico, e os de patrimonio documental e bibliográfico, os xardíns históricos, os conxuntos históricos, lugares históricos, zona arqueolóxica ou lugar etnográfico.

b) Coñece-los proxectos de obras e intervencións que afecten o patrimonio histórico no seu ámbito territorial, ou estean incluídos no Inventario Xeral de Bens Culturais, propoñendo a súa aprobación, modificación ou denegación ó director xeral do Patrimonio Histórico e Documental, tanto se son de iniciativa pública como privada, excepto aquelas que promova directamente a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, as intervencións nos bens de interese cultural e aqueles proxectos que afecten o patrimonio da Igrexa e os espazos públicos dos conxuntos históricos.

c) Coñece-los proxectos de intervención para a conservación (preservación e restauración) que afecten o patrimonio moble e documental, propoñendo a súa aprobación, modificación ou denegación ó director xeral do Patrimonio Histórico e Documental, tanto se son de iniciativa pública como privada, excepto aqueles que propoña directamente a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, as intervencións nos bens de interese cultural e aqueles proxectos que afecten o patrimonio da Igrexa.

e) Emitir informe sobre as propostas de incoación de expediente de declaración de ben de interese cultural a favor dun ben integrante do patrimonio histórico galego.

f) Asesorar e emitir-los informes, dentro do seu ámbito territorial, que lle sexan solicitados pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude sobre cantas disposicións se proxecten dictar para a protección, conservación e intervención no patrimonio histórico galego.

Artigo 4º

As Comisións Territoriais do Patrimonio Histórico terán a seguinte composición:

Presidente: o director xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

Vicepresidente: o delegado provincial da Consellería de Cultura e Xuventude.

Vocais:

—Un representante da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

—Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por proposta das universidades.

—Un representante da Deputación Provincial.

—O xefe da área de Patrimonio da Delegación Provincial.

—Un representante do Consello da Cultura Galega.

—Un arquitecto dos servizos provinciais da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Xuventude.

—Un arqueólogo dos servizos provinciais da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Xuventude.

—Un representante das asociacións culturais de defensa do patrimonio histórico, inscritas no censo de asociacións ou entidades culturais, segundo o establecido na orde do 29 de outubro de 1986, designado polo conselleiro de Cultura e Xuventude.

—Dous vocais designados polo conselleiro de Cultura e Xuventude, entre persoas de recoñecido prestixio, pertencentes ás institucións asesoras que establece o artigo 3 da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español.

—Un representante do concello no que se realicen as obras ou intervencións, que só terán voz e voto nos asuntos que afecten o seu municipio.

—Actuará como secretario o da Delegación Provincial.

Artigo 5º

A Comisión do Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago terá a seguinte composición:

Presidente: o director xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

Vicepresidente: o subdirector xeral do Patrimonio Artístico.

Vocais:

—Un representante da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

—Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por proposta das universidades.

—Un representante da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

—Un representante do Concello de Santiago de Compostela.

—Un representante de cada unha das deputacións galegas.

—Un representante da UNESCO, designado pola representación en España deste organismo internacional.

—Un representante do concello no que radiquen as obras ou intervencións, que só terá voz e voto nos asuntos que afecten o seu municipio.

—Un asesor cultural de recoñecido prestixio en materia de patrimonio histórico designado polo conselleiro.

—O xefe do Servizo de Obras e Restauracións da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

—O xefe do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

—Actuarán como ponentes da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude, con voz e sen voto, un arqueólogo e mais un arquitecto desa dirección xeral.

—Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude con categoría de xefe de sección.

Artigo 6º

As comisións disporán de apoio técnico e asesoramento dos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude.

Artigo 7º

As comisións reuniranse ordinariamente unha vez cada mes e cantas veces o estime oportuno o presidente ou por petición da maioría dos membros da comisión.

Artigo 8º

1.—As Comisións do Patrimonio Histórico rexeranse polo establecido neste decreto e mais pola Lei de procedemento administrativo.

2.—Os nomeamentos e remoción dos vocais serán efectuados polo conselleiro de Cultura e Xuventude.

Artigo 9º

Contra as resolucións dictadas polo presidente das Comisións Territoriais e do Camiño e Cidade de Santiago poderá interpoñerse recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura e Xuventude.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o Decreto 413/1986, do 18 de decembro (DOG nº 14, do 22 de xaneiro de 1987), polo que se modifica a composición e funcionamento das Comisións do Patrimonio Histórico Galego, e cantas disposicións se opoñan ó establecido neste decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Cultura e Xuventude para dictar cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Daniel Barata Quintas
Conselleiro de Cultura e Xuventude